



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Praza de Europa, 5A - 4º
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 546 579 - 981 546 221
Fax: 981 546 569 - 881 997 599
Correo electrónico: dxal@xunta.es



Resolución de 15 do novembro de 2013, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se aproba o baremo de méritos autonómicos aos efectos do concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal.

De conformidade co establecido na base Quinta J, da Resolución de 29 do outubro de 2013, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se convoca concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal, na que se dispón que ao día seguinte ao da publicación no BOE da devandita resolución, se fará pública na páxina web (<http://www.eidolocal.es>) e no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia o baremo de méritos autonómicos de habilitados estatais que exercen ou exerceron na Comunidade Autónoma de Galicia ou que remitiron algún mérito para a súa inscrición no mesmo.

RESOLVE

Primeiro: Aprobar o baremo de méritos autonómicos de funcionarios con habilitación de carácter estatal, que se corresponde co disposto no Anexo da presente resolución e que será de aplicación supletoria aos efectos do concurso unitario convocado por Resolución de 29 do outubro de 2013, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se convoca concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal, publicado no BOE núm. 274, de 15 do novembro de 2013.

Segundo: Dar publicidade ao mesmo de conformidade co disposto na base mencionada na páxina web (<http://www.eidolocal.es>) e no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 do novembro de 2013

O director xeral de Administración Local

José Norberto Uza Tresandí

